

REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Aprobado polo Consello de Goberno na sesión do día 14 de marzo de 2008)

A Xunta de Goberno do 20 de xullo de 1998 aprobou no seu día un Regulamento da Insignia e da Medalla de ouro da USC. Dado o tempo transcorrido cómpre facer unha revisión deste texto para adecualo aos novos tempos e incorporar tanto criterios de concesión como novas figuras de recoñecemento do apoio da sociedade á Universidade.

Por outra banda os Estatutos da USC, aprobados por Decreto 28/2004 de 22 de xaneiro, regulan no seu título VI os actos académicos, honras e distincións, definindo nos seus artigos 161 e 162 os conceptos de insignia e medalla de ouro e sinalando que será un regulamento do Consello de Goberno o que estableza o réxime de concesión e as súas características materiais.

A aprobación deste Regulamento debe servir para potenciar a relación entre institucións públicas e privadas coa USC que redunden en beneficio e prestixio da Institución. Deste xeito procede regular o Mecenado na Universidade de Santiago de Compostela así como a figura dos Colaboradores para fomentar as accións filantrópicas a favor da USC, así como brindar un recoñecemento público a aquelas persoas físicas e xurídicas que de forma desinteresada viñeron e veñen colaborando coa Universidade.

Deste regulamento se exclúe a normativa de concesión dos nomeamentos de Doutor Honoris Causa por ter xa unha regulación específica recentemente aprobada. A suma de ambos regulamentos completaría o desenvolvemento do Título VI dos Estatutos.

Por todo o anterior o Consello de Goberno do catorce de marzo de dous mil oito aprobou o REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

I.- HONRAS E DISTINCIÓNS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Artigo 1.- Tipos de honras e distincións e regulación

1.- De conformidade co artigo 161 dos Estatutos son honras e distincións da Universidade de Santiago de Compostela as seguintes:

- a) A insignia de ouro da universidade.

b) A medalla de ouro da universidade.

c) O grao de doutor honoris causa

2.- A concesión da insignia e da medalla de ouro regularase polo presente Regulamento. A concesión do grao de doutor honoris causa regularase polo de concesión de doutoramentos honoris causa, aprobado polo Claustro Universitario o 21 de decembro de 2006 ou outro aprobado polo Claustro que o substitúa.

3.- A Universidade de Santiago Compostela institúe, a efectos honoríficos, as distincións de Insignia Fonseca, Mecenaz e Colaborador de Honra da Universidade, sen prexuízo dos beneficios fiscais que correspondan.

4.- O Consello de Goberno poderá aprobar outros mecanismos de recoñecemento pola realización de actividades a favor da USC, tales como profesor ou investigador *ad honorem*, etc. que terán unha regulación específica.

Artigo 2.- Concesión

A imposición de honras e distincións farase en acto público, presidido polo Reitor, conforme o protocolo da universidade.

En situacións especiais e previa Resolución Reitoral específica, poderase delegar a imposición de honras e distincións nun Vicerreitor, no Secretario/a Xeral ou no/a Xerente. A imposición da medalla de ouro da Universidade non poderá ser delegable.

Artigo 3.- Rexistro

A Secretaría Xeral levará un Libro-Rexistro para cada unha das distincións as que fai referencia este Regulamento e o artigo 166 dos Estatutos, sinalando a data de entrega e o receptor ou receptores. En cada un deles se inscribirán por orde cronolóxica as diferentes concesións. Este rexistro será público e estará custodiado polo Secretario/a Xeral.

Sen prexuízo do anterior a USC poderá facer públicas todas as distincións na súa sede electrónica.

II.- DA INSIGNIA DE OURO DA UNIVERSIDADE

Artigo 4.- Criterios

A insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela seralle concedida a aquelas persoas físicas que sobresaian dun xeito especial nos servizos prestados á Institución xa sexa:

- Por razón da duración ou continuidade dos mesmos.
- Pola súa especial relevancia ou significación.

Artigo 5.- Concesión

A concesión da insignia de ouro corresponderalle ao Reitor/a, quen deberá informar ao Consello de Goberno.

Artigo 6.- Imposición

A imposición da insignia de ouro e a entrega do Diploma que a acompaña farase nun acto público presidido polo Reitor, do que se deixará constancia polo Secretario/a Xeral no Libro-Rexistro da insignia de ouro da Universidade.

Artigo 7.- Características materiais

As características materiais da insignia de ouro e do Diploma son as que figuran no Anexo I deste acordo.

III. DA INSIGNIA FONSECA DA UNIVERSIDADE

Artigo 8.- A “Insignia Fonseca” será entregada aos traballadores da USC que prestasen os seus servizos durante máis de 30 anos á Institución Universitaria en dedicación exclusiva ou por tempo equivalente a ela e non foran sancionados por incumprimentos nas súas obrigas profesionais.

Artigo 9.- A concesión da insignia Fonseca corresponderalle ao Reitor/a, quen deberá informar ao Consello de Goberno.

Artigo 10.- A imposición da insignia Fonseca farase nun acto público presidido polo Reitor, do que se deixará constancia polo Secretario/a Xeral no Libro-Rexistro da insignia Fonseca da Universidade.

Artigo 11.- As características materiais da insignia Fonseca e do Diploma son as que figuran no Anexo II deste acordo.

IV.- DA MEDALLA DE OURO DA UNIVERSIDADE

Artigo 12- Natureza e criterios

A medalla de ouro da Universidade, instituída como máxima distinción para facer patente o recoñecemento da Universidade de Santiago de Compostela, poderá concederse a persoas ou entidades que sobresaian dun xeito extraordinario pola súa contribución ao sostemento ou ao cumprimento dos fins da institución.

Artigo 13- Concesión

A concesión da medalla de ouro da Universidade será acordada polo Consello de Goberno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que o integran. A proposta será realizada polo Reitor/a e deberá ir acompañada dunha exposición dos méritos e circunstancias que concorren na persoa ou entidade proposta.

Artigo 14- Imposición

A imposición da medalla de ouro e a entrega do diploma de honor que a acompaña farase nun acto público presidido polo Reitor, do que se deixará constancia polo/a Secretario/a Xeral no Libro Rexistro da medalla de ouro da Universidade.

Artigo 15.- Características materiais.

As características materiais da medalla de ouro da Universidade e do Diploma son as que figuran no anexo II deste Acordo.

V.- MECENADO DA USC

Artigo 16.- Dos Mecenados da USC

Poderán ser distinguidos como *Mecenados da Universidade de Santiago de Compostela* as persoas físicas ou xurídicas –agás Administracións Públicas- que de forma desinteresada teñan feito doazóns ou aportacións de bens de excepcional interese científico, cultural, patrimonial e/ou económico á Universidade de Santiago de Compostela ou a entidades sen ánimo de lucro con participación maioritaria da USC.

Artigo 17.- Concesión

A concesión da distinción de *Mecenados da Universidade de Santiago de Compostela* corresponde ao Reitor, previo informe da comisión que se regula no artigo 22. Concederanse a favor das persoas físicas ou xurídicas cuxa achega puntual ou acumulada sexa de excepcional valor para o desenvolvemento dos fins da USC.

Artigo 18.- Efectos do recoñecemento como Mecenados da USC

Como recoñecemento aos *Mecenados da Universidade de Santiago de Compostela*, estes gozarán das seguintes honras e beneficios:

- Entrega da *medalla de mecenados* da Universidade nun solemne acto académico.
- Invitación a todos os actos académicos e de relevancia que realice a Universidade en sitio reservado e preferente.
- Inserción dos seus nomes na placa que para ese efecto se sitúe nun dos espazos da Universidade.
- Diploma acreditativo da concesión.
- Inscripción no Libro-Rexistro que a tal fin se custodie na Secretaría Xeral, con expresión en todo caso do nome e a data de entrega da distinción.
- Utilización na súa documentación do anagrama ou emblema, que para ese efecto se cre, con arranxo ás prescricións que regulamentariamente se establezan pola Reitoría da Universidade.

VI.- COLABORADORES DE HONRA

Artigo 19- Colaboradores de honra da Universidade de Santiago de Compostela.

Poderán ser distinguidos como *Colaboradores de Honra da Universidade de Santiago de Compostela* as persoas físicas ou xurídicas, agás AA.PP., que colaboren de forma relevante coa Universidade de Santiago de

Compostela, tanto nos aspectos científicos, como culturais, deportivos, patrimoniais e/ou económicos.

A colaboración poderá formalizarse mediante convenio no que se sinalarán as achegas altruistas destinadas ao desenvolvemento e aos fins propios da USC e no que se poderá indicar un destino específico de parte dos bens e recursos aportados. Non se considerarán para estes efectos os contratos ou convenios para a realización de actividades de investigación, nin as cátedras de extensión universitaria ou de patrocinio.

Artigo 20.- Concesión

A concesión da distinción de *Colaborador de Honra da Universidade de Santiago de Compostela* corresponde ao Reitor, previo informe da Comisión de Mecenado e Cooperación, que a concederá anualmente a favor das persoas físicas ou xurídicas cuxa achega anual teña un valor superior a 60.000 (sesenta mil) euros .

Artigo 21.- Beneficios dos Colaboradores de Honra

Como recoñecemento aos *Colaboradores de Honra da Universidade de Santiago de Compostela*, estes gozarán con carácter anual das seguintes honras e beneficios:

- Diploma acreditativo da concesión con especificación do ano de concesión.
- Inscripción no libro-rexistro que a tal fin se custodie na Secretaría Xeral, con expresión en todo caso do nome e a data de entrega da distinción.
- Utilización na súa documentación do anagrama ou emblema, que para ese efecto se cree, con arranxo ás prescricións que regulamentariamente se establezan pola Reitoría da Universidade.

Artigo 22.- Comisión de Mecenado e Colaboración

Para a avaliación das distintas propostas de Mecenado e Colaboración e para valorar as doazóns, constituirase unha Comisión de Mecenado e Colaboración da Universidade de Santiago de Compostela presidida polo Reitor/a, Vicerreitor de Relacións Institucionais, Vicerreitora de Investigación e Innovación e o Vicerreitor de Economía e Financiamento, o Xerente, que actuará de secretario, un representante do PAS, un representante dos estudantes, o Presidente do Colexio de Decanos, e tres representantes do Consello Social, entre eles o seu Presidente. Esta Comisión emitirá os seus informes a solicitude do

Reitor e previa convocatoria deste. Esta comisión poderá acordar as súas normas internas de funcionamento.

Artigo 23.- Retirada das distincións

Ás persoas físicas ou xurídicas distinguidas con algunha honra ou distinción das contempladas neste Regulamento e que con posterioridade realicen actos indignos, contra a USC ou sexan condenadas penalmente, poderá serlle retirada a honra ou distinción.

Para estes efectos formalizarase un expediente contradictorio con audiencia do interesado/a e acordo do Consello de Goberno sobre a retirada ou non da honra ou distinción concedida.

ANEXO I

A insignia de ouro da Universidade de Santiago de Compostela será de ouro e esmalte. No seu anverso figurará o escudo da Universidade. No seu reverso gravarase o nome da persoa a quen se lle outorga e a data de concesión.

ANEXO II

A “insignia Fonseca” da Universidade de Santiago de Compostela será de prata dourada. No seu anverso figurará o Pazo de Fonseca. No seu reverso gravarase o nome da persoa a quen se lle outorga e a data de concesión.

ANEXO III

A medalla de ouro da Universidade será de prata dourada con esmalte. No seu anverso figurará o escudo da Universidade e no reverso a miniatura do Libro de Horas de Fernando I xunto coa lenda "A Universidade de Santiago a...", onde se gravará o ano de concesión o número de orde da medalla e o nome da entidade ou persoa a quen se lle concede.

ANEXO IV

A medalla de Mecenás da Universidade será de prata dourada con esmalte co logotipo da Universidade e no reverso incluírá unha reprodución de Alonso III de Fonseca e se gravará o texto “Mecenás da Universidade de Santiago de Compostela”, o ano de concesión, o número de orde da medalla e o nome da entidade ou persoa a quen se lle concede.

ANEXO V

Os diplomas acreditativos terán os seguintes caracteres:

- Serán elaborados en papel de seguridade.
- Figurará o escudo oficial da Universidade na parte superior do diploma.
- Conterá como mínimo o seguinte texto: “En atención aos méritos e circunstancias que concorren en, o/a Reitor/a Magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, pola presente Resolución tivo a ben outorgarlle a Medalla de ouro/Insignia de ouro/Medalla de Mecenás/ Colaborador de honra a, así como o lugar, data e sinatura, esta última sen que poda estar preimpresa.